



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA  
XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO  
“FAILDE MESTRE ESCULTOR”**

**REUNIDOS:**

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Jesús Vázquez Abad , na súa calidade de alcalde presidente do Concello de Ourense, con CIF: P3205500F, en virtude do artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**EXPOÑEN:**

Que ámbalas entidades son conscientes da necesidade de instalacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que nesta materia teñen os habitantes desa zona.





Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española.

A Consellería de Cultura e Turismo quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Neste caso trátase do proxecto “Failde Mestre Escultor”, Mestre da escultura ourensá e galega do século XX, de recoñecemento nacional e internacional. Este proxecto abrangue exposición, talleres didácticos, conferencias, publicacións e todo tipo de actos divulgativos que afondar na figura do artista e no seu modo de entender a vida a través da arte, onde se poñerán de manifesto as novas achegas ao seu estudo.

Failde naceu nunha familia de orixe humilde. Trala marcha da súa nai a América cando tiña pouco máis dun ano, viviu na aldea cos seus avós, dedicado ao coidado do gando. Iniciouse na escultura en Piñor, seguindo os pasos do seu tataravó, santeiro que traballou ata ao tacto. Aos doce anos, Antón traballou como canteiro en Ourense, en tarefas industriais, que lle dan un gran dominio do oficio. Matriculouse na Escola de Artes e Oficios, onde foi alumno de Fernández Xesta. Iniciouse na talla da madeira co mestre Núñez, e con Daniel Piñeiro continúa o seu cotián labor. Pouco despois montou o seu propio taller. Estudou as tallas da catedral de Ourense, especialmente o pórtico, da escola do Mestre Mateo, escultor do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela. A partir da observación de tallas románicas e góticas, iniciouse na talla directa do granito galego. Tamén acudía ao Museo Arqueolóxico provincial de Ourense, con mostras ibéricas e a imaxinería relixiosa do barroco. Establece amizade con intelectuais da Xeración Nós como, Florentino Cuevillas, Vicente Risco ...





Por todo isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións**

O obxecto do presente convenio é a realización do proxecto “Failde Mestre Escultor”, Mestre da escultura ourensá e galega do século XX.

#### Actuacións:

Exposición na Sala José Ángel Valente do Museo Municipal de Ourense, durante os meses de outubro e novembro de 2018.

Visitas guiadas. Talleres didácticos. Conferencias.

Documental “O Failde co que vivín...” por Miguel Angel Failde. Documental sobre a figura de Failde vista por persoas que o coñeceron dentro do ámbito doméstico, artístico, histórico e humano.

Publicación do libro “Failde Mestre Escultor”

#### Orzamento

|                                                                                                                                                                                                                              |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Concepción do Proxecto Failde, catalogación de obra, tramitación de préstamos-colaboracións e dixitalización do arquivo                                                                                                      | 1.900,00 € |
| Documentación fotográfica de alta calidade. Análise científico da obra e os seus materiais. Estudo estilístico das técnicas pictóricas. Xestión estudo artístico.                                                            | 2.800,00 € |
| Producción proxecto expositivo. Deseño de exposicións. Selección de obra e coordinación de traslados e montaxe. Proxecto Editorial. Redacción de textos e selección de imaxes. Producción do documental Failde (audiovisual) | 2.800,00 € |
| Documentación Histórica de Failde. Coordinación de datos                                                                                                                                                                     | 2.900,00 € |
| Impresión. Libro. 1ª Edición                                                                                                                                                                                                 | 6.722,05 € |





|                                                                 |             |
|-----------------------------------------------------------------|-------------|
| Publicidade, difusión e cartelería                              | 2.900,00 €  |
| Material e montaxe expositivo. Mostra de obra gráfica de Failde | 2.300,00 €  |
| Visitas guiadas, talleres didácticos e conferencias             | 2.500,00 €  |
| Seguro obra en pedra de dificultoso transporte                  | 3.000,00 €  |
| Transporte específico                                           | 3.000,00 €  |
| Total                                                           | 30.822,05 € |

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, por tratarse dun proxecto cunhas características especiais que o fan único en Galicia único en Galicia, motivo polo que a Consellería decide colaborar na súa realización.

Por todo o anterior, o Concello de Ourense é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2018, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

#### **SEGUNDA.- Obrigas do Concello de Ourense**

O Concello de Ourense comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.





Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Ourense cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.





O concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio

### **TERCEIRA.- Financiamento**

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a aboar ao Concello do Ourense a cantidade de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.1.

Esta cantidade, 25.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura e Turismo poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que non poderá superar o 80% do importe subvencionado. O pagamento restante, pagarase no momento da completa xustificación polo concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O concello tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% , ou sexa 20.000 € .

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros , as administracións públicas.





No caso de que o concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

#### **CUARTA.- Xustificación dos gastos**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas . A data tope de presentación da documentación xustificativa da actuación e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida será o 20 de decembro de 2018.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
  - O cumprimento da finalidade da subvención
  - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente..
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago





efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2018 e ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Concello de Ourense non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.





#### **QUINTA.- Comisión mixta de seguimento**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Políticas Culturais, da Consellería de Cultura e Turismo e polo alcalde do Concello de Ourense.

#### **SEXTA.- Causas de resolución**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **SÉTIMA.- Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





#### **OITAVA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

#### **NOVENA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2018.

#### **DÉCIMA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O alcalde presidente do Concello de  
Ourense

Román Rodríguez González

Jesús Vázquez Abad

